



Era un grupo de rapaces que estaba tomando o sol no parque da vila nun día de primavera, todo parecía normal como se fose un día calquera, aínda que os rapaces non se daban conta do que ía suceder unhas horas máis tarde.

Eran cinco rapaces, dous rapaces e tres rapazas, os rapaces chamábanse Tomás e Ramón e as rapazas Elisabeth, Ana Rosa e Carmen. Cando xa ían marchar para as súas casas todo se puxo gris, isto pareceulles moi raro aos rapaces, pois estaba a facer un sol espléndido, as rapazas estábanse empezando a asustar, pero eles intentábanos tranquilizar como podían cando de súpeto un paxaro enorme pasou por riba deles tirándoos no chan co vento que provocaba o seu voo. Os rapaces quedaron alucinados, pois nunca viran semellante ave, pero o que verdadeiramente lles parecía raro era que desde o cambio que sufrira o tempo non viran a ningunha persoa ata que foron á casa de cada un e se deron conta de que todo o mundo desaparecera agás eles. Os rapaces despois de darse conta disto quedaron de pedra e, como onde estaban había unha igrexa, sentiron o presentimento de que debían entrar e así o fixeron. No altar viron un libro moi estraño, decidiron achegarse a el a abrilo, nese momento unha luz anegou todo o interior da igrexa formando unha especie de pantalla que comezou a narrar unha historia. A historia di: un 27 de abril uns paxaros lendarios invadirán a terra e farán desaparecer a todos os seres humanos agás a aqueles que poidan empregar como escravos. Os rapaces quedaron coa boca aberta ao ler isto porque estaban xustamente a día 27 de abril, o mesmo día que indicaba o libro e decatáronse de que estaban destinados a ser escravos deses paxaros e así foi, porque nese momento veu o xefe dos paxaros e levounos á súa cova, un lugar do que xamais saírían e onde permanecerían o resto dos seus tristes días.

VANESSA CABADO FERREIRO, S3B

Intres

62

Xuño 2006

ACRÓSTICO

Vas e vés
Idas por voltas
Viaxar á túa terra
Anímate a falar o galego

Gargalladas e tristuras
Amores e penas
Loucuras de adolescentes
Imaxinacións dos cativos
Camiños por percorrer, pero
Imaxinas Galicia sen o galego?
Anímate a falalo!

Esquecerse das túas raíces, provocarache

Arrebatos de morriña

Só é túa
Úsaa
Anímate a falar o galego

Lograrás que unha minoría se convirta en maioría, é difícil pero
Inténtao
Nada vale máis que ser un mesmo coas súas raíces, non as
Gardes
Úsaas
Anímate a falar o galego.

POEMA

Sempre fuches para min un amor prohibido
algo intocable, demasiado perfecto...
Que loucuras da miña cabeza!!!
Pasaron un, dous, tres e incluso catro anos
e aínda sinto que te teño no meu corazón,
fuches e serás o único rapaz do que me namorei
cando soamente era unha cativa,
pero agora penso que perdín o tempo,
porque nunca che dixen o que para min significabas...
e a estas alturas é demasiado tarde!!

No meu corazón sempre haberá un oco para ti
só dicirche un "sempre te quereirei".

ANUSKA LAÍÑO, B1B



ANUSKA LAÍÑO, B1B